

O PSOE esixirá explicacións á Xunta pola perda de servizos asistenciais, emprego e capacidade resolutiva do Hospital da Costa

O deputado autonómico –José Ramón Val Alonso- rexistrou este luns unha pregunta no Parlamento, co obxectivo de que o Goberno galego, no vindeiro Pleno da Cámara, informe dos motivos da Consellería “para dismantelar deste xeito o centro”, tal e como denunciaron a semana pasada o 90% dos facultativos, así como se ten previsto emprender algunha medida para evitar que o sanatorio perda a súa autonomía

O socialista decidiu levar esta asunto á administración do Hórreo, pois considera que se trata “dun tema moi serio, que roza a mendicidade, que impide, claramente, que os veciños da Mariña poidamos ter unha Sanidade de calidade e que está orquestrado cun único fin: a privatización deste servizo público”

A MARIÑA, 3 DE MARZO.- O deputado autonómico –José Ramón Val Alonso- rexistrou este luns unha pregunta no Parlamento de Galicia, co obxectivo de que a Xunta de Galicia dé explicacións, no vindeiro Pleno da Cámara, sobre o dismantelamento do Hospital da Costa que está a levar a Consellería do modelo de xestión integrada, e que foi denunciado a semana pasada polo 90% dos facultativos do centro sanitario, indicando que este implica unha perda notable dos servizos asistenciais, emprego e capacidade resolutiva, ata o punto de que o Hospital acabará funcionando como un ambulatorio.

Neste senso, o socialista decidiu levar este asunto á administración do Hórreo porque, tal e como subliñara a deputada provincial e voceira do PSOE en Cervo –Lara Méndez- o día despois de que os profesionais explicasen os problemas sanitarios que está a ter o centro sanitario, “a xestión da Xunta roza a mendicidade, xa que impide claramente que os mariñanos poidamos ter unha Sanidade de calidade”. Deste xeito, subliña que “o colectivo puxo de manifesto o deterioro dos equipos instrumentais, as deficiencias do servizo de mantemento dos aparellos electrónicos, a falla de previsión nas compras... e, o que é máis grave, a perda de especialistas que se marcharon no concurso de traslados ou que se xubilaron forzosamente e cuxas prazas non foron cubertas, nin de xeito continuo nin de xeito temporal....Cremos que se trata dun tema moi serio. Estamos a falar da saúde das persoas, pero ós Gobernos do Partido Popular e ó Sr. Balseiro semella que non lles importa. Unha vez máis, demostrase que sempre antepoñen os intereses do Partido aos dos cidadáns”, afirma.

Asimesmo, o Grupo Parlamentario do PSOE tamén solicitará que o Executivo autonómico concrete se ten previsto emprender algunha medida para evitar que o sanatorio perda a súa autonomía.

“Só favorece a privatización”

Os socialistas da Mariña, co obxectivo de o modelo proposto polo Goberno galego non supoña a perda de servizos sanitarios para o Hospital da Costa, e tal e como anunciaron en decembro, están a presentar mocións en todos os Concellos para que o Partido Popular se opoña ó dismantelamento do centro. É e que a área sanitaria integrada “está orquestrada cun único fin: a privatización deste servizo público”, reitera Val.

En decembro fíxose efectivo o traslado do personal facultativo ó HULA; isto significa que, cando menos, un especialista e unha enfermeira de prevención de riscos laborais veranse obrigados a reforzar, varias veces por semana, este servizo no centro sanitario da capital. Ademais, a área de contabilidade deixará de existir a partir do 1 de xaneiro, perdéndose alomenos seis postos de traballo. Isto é a proba, conclúe o socialista, de que o Decreto de Xestión Integrada “non só elimina a autonomía do Hospital, senón que provoca a súa destrución”, conclúe o deputado socialista.

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo